

PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIARIA 2015-2016

Conscientes de que a educación é unha clave fundamental para promover unha boa seguridade viaria, o motor do programa proposto é facilitar aos nenos e nenas da nosa cidade estratexias e recursos de mobilidade segura, buscando que sexan usuarios das vías responsables e conscientes dos posibles perigos que existen no seu día a día, xa sexa como peóns, condutores de bicicletas ou pasaxeiros de vehículos.

Con este proxecto queremos cubrir un espazo educativo transversal que se atopa lexislado na normativa educativa e diminuír o número de vítimas de accidentes de tráfico que se producen ao longo do ano. Entendemos que un dos mellores xeitos de erradicar esta lacra social é a través da educación, que promoverá unha cultura viaria dirixida á seguridade sostible tal como recolle o Plan estratéxico europeo en materia de seguridade viaria 2011-2020.

O programa está deseñado con base nos seguintes obxectivos:

- Fomentar a educación viaria como actividade nos colexios.
- Dar a coñecer as normas básicas que atinxen aos menores como peóns e usuarios de vehículos.
- Crear hábitos en relación co uso diario que os nenos e nenas fan das vías públicas.
- Familiar o alumnado coas mensaxes que transmiten os sinais de tráfico, manexando cores e formas.
- Posibilitar que os menores se integren na súa contorna viaria como usuarios frecuentes.
- Inicialos/as no respecto polas normas no uso da bicicleta e potenciar futuras condutas positivas e de respecto cara ás normas de circulación na conducción de ciclomotores por parte dos adolescentes, en especial no uso do casco.
- Promover que as normas e valores inculcados na aula non queden só alí senón que se integren no contexto diario, o que axudará a reforzar uns hábitos de comportamento seguros e respectuosos coa seguridade viaria.

Asemade, queremos informar do programa ColeCamiños – Camiños Escolares Seguros, que puxemos en marcha como experiencia piloto en colaboración co CEIP Pío XII. A nosa intención é darlle a esta iniciativa experimental a forza suficiente como para estendela ao resto de colexios de Compostela. Trátase dunha peza dun crebacabezas máis amplo de medidas que se dirixen cara a unha mobilidade segura e responsable.

Para finalizar, gustaríanos acadar un compromiso cos colexios de Compostela en torno á seguridade viaria, tendo en conta que é unha cuestión que nos afecta a todos e todas,

escolares, pais e nais, familias, profesionais da educación, amizades e administracións públicas. Recordemos que todos formamos parte da seguridade viaria, porque todos circulamos polas vías públicas e ademais temos que ter presente que a mobilidade implica ao mesmo tempo liberdade e risco. Colaboremos a que a concienciación viaria dos pequenos da nosa cidade sexa máis responsable e máis segura.

A seguir incluimos o esquema de contidos que seguiremos no Programa de educación viaria.

EDUCACIÓN PRIMARIA	
2º CICLO	4º CURSO
3º CICLO	6º CURSO

EDUCACIÓN PRIMARIA

Os contidos para esta etapa pretenden formar a futura veciñanza usuaria das vías, xa sexa a pé, como pasaxeiros e pasaxeiras ou como condutores/as de bicicletas.

PROGRAMA: SON PASAXEIRO DE COCHES E AUTOBUSES

Cuarto de educación primaria

- Coñecer a contorna inmediata - poboación, barrio, rúa...-, os elementos presentes nela así como as súas funcións e finalidades para adquirir hábitos de coidado e respecto cara a eles.
- Coñecer as normas de circulación peonil.
- Valorar a importancia que ten o respecto polas normas e sinais de tráfico e coñecer o seu significado.
- Adquirir unha progresiva autonomía na contorna próxima, sabendo orientarse e practicando condutas de prudencia e seguridade viaria.
- Localizar as diferentes partes dunha vía urbana e interurbana, segundo estean destinadas á circulación de peóns ou de vehículos, e adquirir hábitos de comportamento e prudencia no cruzamento de rúas e prazas en distintas situacións.
- Coñecer e facer uso do semáforo, como sinal principal para peóns no cruzamento de vías urbanas e interurbanas.

- Recoñecer os distintos tipos de sinalización, establecendo a correspondencia entre elas e o seu significado.
- Observar e valorar o labor realizado pola Policía Local, as súas funcións e os medios cos que conta para realizalas.
- Coñecer os principais sinais que realizan os axentes, o seu significado e a importancia do seu cumprimento.

Contidos

1. Coñecemento dos diferentes elementos que compoñen a contorna próxima ao menor, tanto no medio urbano como no interurbano: edificios, vías públicas, mobiliario urbano, sinais de tráfico..

- Elementos da vía pública, calzada, beirarrúa, bordo.
- Os sinais de tráfico, tipos e significado.

2. Comportamento como peón independente dunha persoa maior.

- Como debemos camiñar pola vía pública, urbana e interurbana.
- Como debemos cruzar unha rúa.
- Lugares para xogar seguros.

3. Comportamento como pasaxeiros dun vehículo particular e colectivo.

- Como debemos subir ao vehículo. As paradas de autobús.
- Onde debemos de sentar dentro do vehículo.
- Como nos debemos de comportar como pasaxeiros.

PROGRAMA: SON CONDUTOR DE BICICLETAS

Sexto de educación primaria

- Programa de contidos do terceiro nivel no que o alumnado se clasifica como peón independente e usuario de ciclos. Aquí presentamos temas e problemas que xorden no tráfico. Os rapaces e rapazas son xa membros da comunidade viaria e usuarios das comunicacións. Esta iniciación á experiencia viaria realízase a través da bicicleta.
- Interiorizar os hábitos de comportamento necesario que posibiliten o respecto cara ás normas viarias.

- Adquirir sentimento de responsabilidade entendendo que, como parte da sociedade que somos, entre todos e todas temos que colaborar en mellorala.
- Coñecer os diferentes elementos da paisaxe urbana e interurbana, así como as normas de circulación nelas e a utilidade e mellor localización.
- Relacionarse con persoas que desenvolven un traballo polo ben da colectividade e coñecer a súa forma de facelo.
- Interiorizar a importancia que ten respectar aqueles elementos urbanísticos que facilitan e regulan a nosa sociedade.
- Interpretar e executar correctamente a mensaxe de cada sinal.
- Circular debidamente pola vía pública.
- Aprender a sinalizar as manobras: parada, cambios de dirección e de sentido.

Contidos

1. Coñecemento dos diferentes elementos que compoñen a contorna próxima ao menor tanto no medio urbano como no interurbano: edificios, vías públicas, mobiliario urbano, sinais de tráfico..

- Elementos da vía pública, calzada, beirarrúa, bordo...
- Os sinais de tráfico, tipos e significado.

2.- Recordo dos comportamentos como peón independente dunha persoa maior.

3.- Recordo dos comportamentos como pasaxeiro dun vehículo particular e colectivo.

4.- Comportamento como condutor de bicicletas.

- A bicicleta como medio de transporte.
- Normas de circulación e prohibicións dos ciclistas.
- Sinalización de manobras.

Metodoloxía e actividades

A materia que se vai impartir nos cursos de primaria está estruturada en tres módulos, un teórico e dous de carácter práctico.

Módulo 1

O contido da parte teórica desenvolverase con material da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, da Fundación Mapfre e con material que desenvolveu o Departamento de Educación Viaria da Policía Local de Santiago de Compostela.

Neste módulo, o alumnado, xunto co monitor, repasará os conceptos máis importantes relacionados coa seguridade viaria. Ao rematar a sesión entregarase material para traballar na casa (libro e actividades), con cuestións que de xeito voluntario poderán traer resoltas na seguinte sesión.

Módulo 2

Sesión práctica na que se desenvolverá unha actividade destinada á comprensión e interiorización dos coñecementos adquiridos nas clases teóricas, axudando aos alumnos e alumnas a que perciban a necesidade das normas e do seu respecto, ademais de adquirir novas destrezas na condución de bicicletas.

Ao finalizar o segundo módulo, faráselles entrega aos participantes dun diploma acreditativo de teren superado con éxito o curso de educación viaria 2015-2016.

Nun futuro próximo este departamento ten a previsión de ofrecer formación viaria dirixida ao segundo curso de primaria co fin de abranguer os tres ciclos da educación primaria.

Con respecto ao alumnado de sexto consultarase cos centros escolares a opción de substituír o módulo 2 (taller práctico na aula) por unha saída en bicicleta pola cidade, acompañada por monitores e con vixilancia policial, para visitar algún lugar ou centro relacionado coa seguridade viaria.

Avaliación

As persoas encargadas de conducir a actividade formativa observarán durante todo o seu desenvolvemento a evolución de cada neno/a, comprobando se comprendeu os conceptos máis importantes en relación cos seguintes obxectivos propostos.

Recursos

Os centros deberán dispoñer, para a realización da sesión teórica, dunha aula provista dunha pantalla con canón de proxección na que se poida conectar un ordenador portátil.

Todo o material que se achegue como apoio da actividade será facilitado a través do Departamento de Educación e Seguridade Viaria da Policía Local de Santiago de Compostela.

Colexios interesados contactar co departamento de educación viaria do concello de Santiago de Compostela.

Formas de contacto:

- e-mail: educacionvial@santiagodecomportela.org.
- Facebook: Educación viaria en Compostela
- Tfno: 981 54 23 23